

COMUNICACIÓN, CULTURA, INTERNACIONALIZACIÓN À VOLTA DO COMPROMISO INTELECTUAL

Margarita Ledo Andión*

Mentres o XIX afirmaba o poder do coñecemento, o XX des-
prega o motivo da eficacia do descoñecemento

Alain Badiou, en *O século*.

Resumo

Con aquel pronunciamento finisecular publicado en *LAurore* so o conciso título “J’Accuse”, que asinaba Zola, viña a público nun medio de comunicación unha figura nova, o/a intelectual, que Foucault, en que a arreda da pretensión de universalidade, resitúaa en tempo presente como “especificidade”, que é o sentido actual do que, no común, se entende por toma de posición a prol de determinados motivos e modos de intervención, neste caso no ámeto da cultura e do dereito a comunicar na esfera internacional, como representativa da construción dunha nova e urxente hexemonía, tamén no campo do coñecemento. A través de pasaxes múltiples cara a obxectos común; pendentes de definirmos un escenario que advirta da necesidade de reexaminar o sentido de palabras calculadamente distorsionadas como, por exemplo, “diversidade”; na aposta por lle voltar a súa capacidade realizativa e crítica ao intercambio de bens simbólicos, o texto apropiase e converte certos debates en síntoma, reactualiza reflexións e, sobremaneira,

* Professora Catedrática de Comunicación Audiovisual da Universidade de Santiago de Compostela, onde coordena o Grupo de Estudos Audiovisuais. Foi a investigadora principal dos projetos “Cara o espazo dixital europeo: o papel das pequenas cinematografías en VO” (2012-2015); “Cine, Diversidad y Redes” (2009-2011); “Lusofonía: interactividade e interculturalidade” (2008-2010). Publicou, entre outros libros, *Finlandia, Gales, Galicia: os retos dos pequenos cinemas en linguas non-hexamónicas* (2016) e *Cine de fotógrafos* (2005). Actualmente, preside à Federação Lusófona de Ciências da Comunicação (LUSOCOM) e é Vice-Presidente da Associação Ibero-americana de Comunicação (ASSIBERCOM).
E-mail: Margarita.ledo@usc.es.

vindica unha actitude, *voir ensemble*, como acto de cooperación entre escolas de pensamento e mais programas interculturais.

Palabras-chave: interculturalidade, prácticas da diversidade, cinema, pequenas nacións

So a ollada atenta de Claude Lévesque (2007) a Academia de Letras do Québec convocou no 2005 diferentes persoas para que tratasen do que se tiña feito dos e das intelectuais, ao tempo que entrenzaba este debate coa obra inmensa de Maurice Blanchot sobre a construción, a significación e, talvez arestora, a desaparición desta figura nodal: a/o intelectual. Das diferentes sesións foi ecoando unha definición máis ou menos estábel, a medida que se discernían os seus límites, a súa actitude, a súas erranzas, a súas anticipacións, as súas desercións.

E foi así que os estudosos acordaron situar a aparición dunha singularidade que se vai dar coñecer como *intelectual* no intre en que os escritores e as escritoras – da literatura ao xornalismo ou da proclama ao ensaio incerto – deciden, no XIX, tomar a palabra na praza para dicir o que “era xusto e o que era verdadeiro” – fixéranos lembrar Foucault en conversa con Deleuze – e aprender a ire, no percurso histórico, cara a aqueles lugares e situación onde a súa condición os e as situaba. E o filósofo cita a vivenda, o hospital, as relacións familiares ou sexuais, a universidade... como mediacións para acadar unha conciencia máis inmediata e concreta das loitas e as angueiras.

O que nos interesa traer hoxe acá dos participantes no Coloquio en Québec son as coincidencias que os levan a diferenciar certos trazos que seguen a informarnos arestora do perfil e da función-manifesto do, da intelectual. Insístese, xa que logo, na dimensión pública dos seus actos e advírtese dunha perda de función derivada de se ter convertido ou reducido ao rol de especialista. Apúntase que a súa función non terá que ver tanto con tratar co verdadeiro e co falso coma co necesario, e que o necesario pasa por tomar a palabra na praza, por facela circular, co albo de crear conciencia pública para que a sociedade tradicional deveña cidadá, e séguese una tradición discursiva que chega ate a Hanna Arendt cando comenta que o intelectual debe ser crítico e lúcido en todo, experto en nada.

Entre as achegas ao debate, un texto en especial fíxome virar os ollos cara ela, cara el, e cavilar no que en algures ben puido pasar. Trátase da lectura que de Blanchot fixo Yvon Rivard para reparar na explicación do e da intelectual como esa persoa que é quen de espertar en si *le souci de l'autre*, [a precocupación, a

angueira do outro] porque sente (ou presente) a dor do que lle falta. E entón cando vai para a praza e teima en lle retornar ao mundo o que ela, o que el propio perdeu. Vai para a praza para se salvar el mesmo, ela mesma do irreal cara a onde, talvez, a súa obra a levou.

Esta angueira do outro como modo de se liberar do eu irreal, este ir para a praza é, de seu, a obra como tecelá das relacións que conforman un espazo común, é dicir, un espazo igual. Estamos, da man de Francisco Sampedro (2004), no Marx da *Ideoloxía alemá*, en que nos aprende que os individuos non forman unha *communitas* (unha clase, un suxeito colectivo) máis que na medida en que están comprometidos nun obxectivo.

No reverso, un dous exclúinte e non dialéctico onde as cousas entran en contraposición en que se espalla a idea do non conciliábel, unha idea que abranxe a necesidade de desaparición para que unha nova aparición teña lugar. Por iso cando Badiou (2005) define o XX coma o século da paixón polo real, coma o século que pon en acto, en presente absoluto, as promesas do XIX, engade que para o facer ten que carecer de moral: o vello debe ser destruído para que emerxa o novo como tal, e non a novidade – cativa, prendida do pasado –, remarcará.

No ronsel desta ausencia de moral, a cultura contemporánea, en innúmeras das súas fasquías, adoito fascina polo que ten de accesíbel e intercambiábel, de mutante. A maior abundamento, para negar e negativizar calquera ancoraxe, adoito represéntase cunha certa *aura* de proposta sempre en transformación, feita de intervalos, enxergada no que pasa entre determinada ocorrencia e os modos polos que se converte en artefacto para ver, escoitar, se cadra, tocar ... O futuro, porque aínda non é, proclámase en vencello con lugares en movemento, lugares inestábeis, lugares pouco convencionais onde algo acolle existencia no tempo en que unha pálpebra se pecha e garda determinada sensación no seu interior. O resto é a súa posta en conexión a través de todos os espazos e de todos os escenarios. Ráchase, así, cun imaxinario que inclúe pasado, crebas, escollas, contradicións, e vóltanselle as costas á comunicación como realizativo dun sistema que procura a harmonía na sociedade da que é constitutiva.

U-lo a idea de compromiso? Como albiscar, en suma, a dor do que nos falta? Imos suturar esta primeira fenda cunha extensa cita-homenaxe, na que o Stuart Hall (2014, p. 3) pon en valor os 50 anos dos Estudos Culturais a través dun dos seus devanceiros e da súa propia toma de posición:

Raymond Williams, no famoso segundo capítulo de *The Long Revolution* trazou unha definición de cultura, como parte dun proxecto de vida. Esta definición,

nesta perspectiva de teor antropológica, conectou as formas artísticas e culturais coas formas da política, do poder e do cotián. As prácticas culturais, segundo Williams, foron actividades que compre entender á par da produción, do comércio, da política e da vida familiar, e todas elas intervindo nun marco determinado de relacións de clase e de poder. Entrementres, eu estaba a traballar con Paddy Whannel, a facer análises de filmes, de publicidade e de televisión, entre outros aspectos de cultura de masas, tratándoos como sintomáticos dunha formación máis ampla – parte do “proxecto de vida” do Williams.

Aínda, na que veu ser a súa derradeira entrevista, Hall sitúa o legado dos Estudos Culturais no desenvolvemento de ferramentas intelectuais para a comprensión da natureza da cultura e as súas relación coa economía ou a política, para alén do seu papel nunha restra de campos outrora desconectados, na procura de establecer un novo ligame entre disciplinas e de contribuir para a inclusión, no debate da Academia, das relación verbo do Poder. E os froitos continuaron aquilatándose na xeración que seguíu, con estudosos e estudosas que atinaron con entradas veladas, coma é o caso de Philip Schlesinger (2000) e as súas consideracións á volta da nación como espazo comunicativo, – con ou sen Estado, remarca na súa achega como diferenza – que é tamén, para nós, a condición de calquera proposta de internacionalización no entrecruzamento de Cultura e Comunicación.

Esta actitude a prol de aspectos outrora non contemplados; este exercicio de observar cais obxectos poderían valer como indicadores do valor político de territorios, físicos e simbólicos, situados fóra da axenda, devén seminal para a pesquisa crítica e acorda a neesidade de introducir outras variábeis. Estou a pensar, e non por acaso, nos dereitos lingüísticos, no seu desenvolvemento e aplicación naqués eidos que fan de nós unha nación: a educación... ou a partilla pública de mensaxes que singularizamos na parte polo todo, nos medios de comunicación. E os tempos novos son tamén os novos escenarios que nos atinxen como espazo de intercambio de bens culturais mediados pola(s) lingua(s): falo dos países formalmente denominados hispanófobos e dos lusófonos, e falo da diáspora (Ledo, 2012; Martins, 2015; Martins, Sousa & Cabecinhas, 2007)¹. Falo de voltar os ollos e os miolos para a posta en valor de imaxes de existencia e de representación, de

1 Ver, aínda, neste sentido, Kunsch & Melo (Eds.) (2013), *Comunicação Ibero-americana: sistemas midiáticos, diversidade cultural, pesquisa e pós-graduação*; Martins et alii (Eds.) (2014), *Interfaces da Lusofonia*; e Martins & Oliveira (Eds.) (2014), *Comunicação ibero-americana: os desafios da Internacionalização*.

lugares de encontro, de mapas persoais... canda determinados realizativos efémeros, incidentais, que revelan o que adoito o Poder decidíu ocultar. Queremos saber! Esta consigna que Peter Walkins apuña no seu filme *La Commune* (2000), este sentido común, está nas follas voandeiras, nas proclamas, nos manifestos, nos panfletos, na literatura de cordel, en obras en aparencia residual que nos aprenderon tanto a resistir como a existir.

Por entre estes obxectos de coñecemento, boto man do capital intelectual do Grupo de Estudos Audiovisuais, GEA, o colectivo universitario de pesquisa que coordino e onde levamos dúas décadas desenvolvendo proxectos alternos – no espazo lusófono, no iberoamericano, no europeo– a redor do cinema de pequenas nacións e das súas pequenas cinematografías, analizadas dende a cultura como ponla da economía política, da construción da diversidade e na vindicación da interculturalidade como paisaxe na que diferenciar as árbores.

Definir campos, regular, expandir... <<Cara ao espazo dixital europeo: o papel das pequenas cinematografías en V.O./Towards the European Digital Space: the rol of small cinematographies in O.V.>> é a última das doas na que andamos a traballar con múltiples mans –20 investigadores e investigadoras de 8 universidades do Estado español, a asistencia preciosa de expertos e expertas internacionais, a colaboración con outros grupos de investigación, como o TECMERIC da Universidad Carlos III de Madrid– forma parte do Plan Nacional (español) de I+D+i (CSO2012-35784), e visa traer a tona a viabilidade dun espazo informal de intercambio entre países como Finland, Wales ou Galiza á luz de diferentes experiencias e do papel das políticas públicas nas mesmas, da análise económica e do compromiso intelectual en que confronta ese gap, esa desposesión, que nos impón o mercado e os seus amplios mecanismos tiránicos.

Xa que logo, na nosa argumentación foi collendo corpo a posibilidade de que o cinema en linguas non hexemónicas viñera entenderse coma unha ferramenta de empoderamento e que, pola contra, a súa exclusión sexa considerada como proba de privación fáctica de dereitos lingüísticos, sociais e culturais. Coincidimos, así, co pensamento que o profesor Martín Barbero, na secuencia do de Bhabha ou Marinas, traslada nun artigo a propósito de facer produtiva a interculturalidade na súa posta en relación com a idea da *identidade narrativa*, isto é, de que toda identidade se gera e se constitui no ato de narrar-se como historia, no proceso e na práctica de *contar-se aos outros* (Barbero, 2014).

O cinema que nos narra para os outros, o cinema en linguas minoritarias ou minorizadas, actívase como mostración e como indicador da produción cultural

de pequenas nacións; nacións con ou sen Estado, insistimos, unha denominación xa asentada no nivel académico, que conta con abundante bibliografía e que, neste caso, non soamente remite para cinemas de escala reducida (en termos de mercado interno, anque con posibilidade de internacionalización) senón cara a expulsión, de facto, do lugar no que se toman as ‘grandes’ decisións.

Como mecánica de traballo comezouse pola monitorización exhaustiva do programa “Europa Creativa” no cadro da chamada “Axenda 2020”, entrevistas semi-dirixidas a expertos e expertas; a comparativa dunha enquisa Delphi *on line*, e grupos de discusión sobre a recepción de filmes en V.O. Máis calquera das técnicas de pescuda irían ficar no bango se esta investigación non tivese como albo incidir tanto na mudanza das mentalidades a propósito da sempre enarbolada frase propagandística “Europa, mosaico de linguas e culturas”, como na esixencia – con prazos – de programas de intervención pública para facela efectiva. Impórtanos, agora, subliñar a aportación fulcral que nos forneceu, no transcurso dunha entrevista para o devandito proxecto, o profesor Muniz Sodré, quen nos visitou no XIII Congreso IBERCOM (Universidade de Santiago de Compostela, maio de 2013). Naquel curto encontró que poden consultar na web do noso grupo de pesquisa², o profesor Sodré advertíunos que a diversidade non é pluralidade, non é o recoñecermos outros como diferentes de nós, senón que é a ocupación de territorios diferenciados, para concluir: en suma, a diversidade é numérica e é territorial. É a posesión do lugar e dos recursos – comunicacionais, económicos, financeiros – para transformalos en acción. Por exemplo, engadíu o intelectual brasileiro, a diversidade no cinema é a posibilidade de aprender e de ter acceso aos medios para a produción autónoma. Velaí, de maneira clara e concreta, a Diversidade, con maiúsculas, como empoderamento, é dicir, como suxeito colectivo e político.

E así, desta maneira, o tal termo ambigüo, utilizado adoito de xeito oportunista a prol dos intereses neoliberais, renascía como operador dunha nova hexemonía, que é o sentido que nós utilizamos na pesquisa e que significaba un paso adiante na crítica que o profesor Armand Mattelart (2002) – mentres urxía a necesidade de volverlle o sentido ás palabras – desenvolvía en *Xeopolítica da Cultura* a propósito da perversión do seu uso como Cabalo de Troia para lexitimar os proxectos tecnoglobais e combater as políticas públicas de apoio á “diversidade-outra”.

2 Universidade de Santiago de Compostela: www.estudiosaudiovisuais.org.

Avantando as posicións que a seguido citaremos de Schlesinger (2000), a segunda idea-chave depende, precisamente, da consideración da nación como un espazo socio-comunicativo. É dicir, como a constatación do dereito que posee cada sociedade para expresar a súa identidade cultural e establecer canda ela relacións inter-nacionais/inter-culturais. Abondando neste aspecto, o profesor da Universidad de Glasgow, a partir da lectura de Karl Deutsch, expón:

El [Deutsch] observou que o Estado-nación é aínda o principal instrumento político para facer que as cousas sucedan “(...) Sen nomealo expresamente, a teoría formula unha idea – a da “nación sen estado” – que cada vez adquiriu máis significado, for como categoría analítica, for como proxecto político destinado a redefinir a autonomía de grupos nacionais dentro do existente sistema internacional de estados (Schlesinger, 2000, pp. 19-29)

Unha outra razón que nos fixo escoller o cinema como un suxeito representativo para a nosa pesquisa foi, obviamente, a súa performatividade, esa hipotética fasquía de produto no que todo se aproveita ao tratárese dun ben que non poder estrañar da súa mesma realidade aspectos que vencellan a economía creativa con funcións simbólico-representativas. No hourizonte a deseñar, a aposta por irmos das prácticas culturais en curto para as prácticas da diversidade, co cinema en linguas minoritarias e minorizadas como un espazo expandido no que convocar – outra volta os ecos de Hall – o mundo que está á nosa volta e o noso lugar nel.

Porén non ignoramos que a Unión Europea – o marco insitucional de referencia no devandito proxecto – leva trinta anos tecendo e destecendo unha sorte de madeixa que, con variacións adxetivas, declara o cinema como obxecto de programas específicos de axudas en base á súa consideración como un operador da diversidade. En contradicción coque se enuncia, temos denunciado que, co punto de mira no retorno comercial, a UE somete o cinema a políticas competitivas, prioriza os filmes de xénero e traslada cara a periferia do sistema o cinema que, dende aquela “política dos autores”, pasando polos cinemas nacionais, se expresan dende o interior, singular e plural, da cultura. En suma, a UE precariza aquele cinema no que Alain Bergala, por exemplo, aprecia precisamente a creación de vínculos, aquele cinema no que ecoa unha certa *fraternitas* – recollía unha investigadora do noso equipo, a profesora Antía López na intervención no “Foro Internacional sobre alfabetización fílmica e novas audiencias”, que tivo lugar en outubro de 2014 na Universidade de Santiago ed Compostela –, aquele

cinema-fíbela, necesario na construción do espazo europeo de comunicación a través de actos prácticos como a visibilización, internacionalización e posta en valor deste milagre que lle dá de comer ao pensamento, ao corazón e á imaxinación.

En chegando a esta encrucillada eu sempre recomendo reparar nos porqués arestora volta a ser citado o ensaio de Anderson (1983), *Imagined Communities*, convidar a non esquecer que a partilla colectiva de bens que teñen a lingua como un dos seus materiais crea e mantén ese senso de pertenza que se expresa na praza. En chegando a este punto recollo unha advertencia do profesor de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela, e Honoris Causa da Universidade do Minho, Dr. Ramón Villares, cando adoito comenta que cando unha sociedade non se preocupa dos devanceiros é porque xa non agarda nada do futuro, xa se pensa como unha sociedade sen futuro.

Tamén dende a xeopolítica crítica e dende o sentido – político e simbólico – que acolle a construción de espazos de comunicación – o lusófono ou o iberoamericano, para o caso – en tanto espazos menos regrados, que teñen e manteñen na práctica do encontro esa posibilidade de vermos/discernirmos aquilo que ten interese para nós-outros; dende espazos que apostan pola fin dun modelo de integración do particular no xeral – incluído neste xeral o mercado global – e pola toma de posición a prol das diferenzas; que pensan a interculturalidade como signo de solidariedade e como escenario para o intercambio de coñecemento e de bens; que ousan arriscar, ou ensaiar, a visibilidade inter-nacional so proxectos en común, consideramos urxente darlle entrada á nación alargada, en feliz definición de María Beatriz Rocha Trindade, á diáspora. Aínda en 2010, no desenvolvemento do IX Colóquio Internacional “Migraciones e Interculturalidad: los hechos y las políticas”, organizado pola Cátedra UNESCO sobre Migracións da USC, a profesora Rocha-Trindade falaba de pluralismo cultural fronte a *melting pot*, da importancia do propio proceso de diálogo intercultural como xerador do respecto polas diferenzas, falaba de nación alargada e, cito dende un seu artigo (Rocha-Trindade, 1984, p. 231) a seguinte reflexión:

O moderno concepto de nação passa a prescindir dos usuais requisitos complementares de soberanía e das unidades de território que tradicionalmente a integravam e dela constituían parte indissociável, para pasar a incluír todos aqueles que tendo a mesma nacionalidade, apesar de geograficamente dispersos, se mantêm ligados à sua origem por laços emocionais e afectivos.

E fica para a fin unha experiencia, talvez difícil de trasladar polo seu esgo persoal, que como feminista considero mostrativa do persoal no compromiso, do persoal no político, da experiencia como parte das propostas de coñecemento, dese *Voir Ensemble* que singulariza a toma de posición intelectual e que adaptamos do noso discurso de ingreso na Real Academia Galega, RAG, en febreiro de 2009. Partimos, xa que logo, da descrición dunha acción encadeada que exemplifica o encontro físico como encontro político.

O 21 de xaneiro de 2004, a escritora Luísa Villalta asistiu á presentación pública do meu primeiro filme, *Santa Liberdade*, no Teatro Principal de Compostela. No ambigü, finalizada a proxección, a atmosfera continuaba prendida nesa difícil figura fílmica, a da empatía, que se tiña producido entre o lugar e o que nel tiña lugar, entre o filme e aquela viaxe na que, por trece días, un mundo que se chama Galiza e outros que se chama Portugal foron a república da Santa Liberdade, despois de que un comando do DRIL, dirixidos polo capitán Galvao, o comandante Soutomaior e o republicano galeguista Xosé Velo, ocupasen o trasatlántico Santa María para chamar a atención ontra as ditaduras de Franco e Salazar. E a Luísa achegouse a min: como me gustan eses bucles, ese movemento de testa que fan as mulleres. Temos que quedar e falar.

Luísa fora, talvez, a primeira en ver esa mudanza do espazo, dende o oculto e cara a descubrir para un outro o sentido da ollada. Ás veces para un outro no plano do filme, polo xeral para un outro, nós, as persoas que agardan expectantes. Aos poucos días, Luísa Villalta publicou unha columna no semanario *A Nosa Terra*, “Cromosoma L”, L de Liberdade, de Ledo, de Luísa, nun xogo trezado que eu lle respondín cun correo no que fixen lembranza do desexo que ela manifestara de quedar. E falar.

Pasados uns días, nunha sala do Hotel Araganey, tamén en Compostela, houbo un serán literario a prol de Palestina. Luísa recitaba. Eu asistín como espectadora. Luísa sentaba na esquerda, primeira fila. Eu sentei cara o fondo, máis cara o medio e mireina de costas. Pouco antes de lle tocar intervir, ela moveu o colo lixeiramente e comezou a facer un movemento en bucle cara atrás. Sentín que o seu ollar viña para onde eu estaba e eu mesma comecei un movemento cara o seu ollar pero ela, sen deixar a secuencia, retornaba ao momento inicial e esa fibela imaxinaria que construímos unha cara a outra ficou no bango. Os nosos ollos non se cruzaron pero soubemos que nese intre tiñamos desenvolvido un ligame entre nós. O visíbel, outra volta, collía sentido no invisíbel. Aos poucos días Luísa faleceu. A partir de entón refírome a este

momento como o dobre bucle, como un dous, e penso na fenda, niso que non tivo lugar. Penso na nosa conversa.

O acto no bango, ese Ver Xuntas, ver cada unha o que a outra non pode ver porque cada unha ocupaba un lugar diferente, pero saber que nos axuntamos nese cuarto para mirar o mesmo, para trenzar un espazo común, foi collendo corpo en múltiples quites, en frases que eu repetía ao chou, en declaracións, en pequenos textos e mesmo en falas sen fin nin comezo que deixaban en suspenso a comunicación.

Até que procurei un certo sosego no ámbito da investigación e na lectura dunha observadora-pensadora, Marie José Mondzain, que entra no mundo das imaxes para facernos mudar de paradigmas a propósito de determinadas crenzas, de certos valores incorporados que impiden recoñecer a posibilidade real do vínculo entre a creación dunha obra e a transmisión, para outras e outros, desa obra. Por vontade e por necesidade, non demorei en chegar a unha proposta súa que considero nodal para a produción de coñecemento na sociedade contemporánea e que tentarei desenvolver a rentes da fin.

Coa idea de transitar o legado do curso Jean-Toussaint Desanti, un filósofo que pensa a filosofía como a práctica do encontro, daquilo que só colle senso fóra, no exterior, Mondzain convida diferentes persoas a partillar a lectura da conferencia que impartiu Desanti na Escola das Belas Artes de París seis meses denantes da súa morte, o 6 de xuño de 2001, *Voir Ensemble*. Para esta visita, ela aplicará o método que lle dicta o seu material, a actitude do propio Desanti: establecer ligames entre persoas que non teñen por que ter moito en común. O común, advirte, non é o que se nos dá. O común, constrúese.

Das persoas que participan, só dúas, a mesma Mondzain e o director de *Cahiers du Cinema*, Jean Michel Frodon, animador, pola súa banda, de *L'Exception, groupe de reflexión sur le cinéma*³ tiñan asistido, no seu día, á sesión de Desanti en París. Os dez outros participantes leron e debateron sobre o texto. Eran filósofos, un médico, un artista plástico, directores de teatro e directores de cinema, xentes que teñen por oficio *dar a ver* ou, seguindo o mobilizador proemio, xentes que fan sentir.

Ao se fixar no pensamento de Desanti, a convocante amósanos como a subxectividade non significa ren de considerármola independente do que a constitúe para un outro, namentres pronuncia unha frase a favor da duración que quero

3 So patrocinio do xornal *Le Monde*, a editora Gallimard e Sciences Po Paris.

que fagamos tamén nosa agora, as persoas que esteamos dispostas a un acto ben representativo da vocación de partillar e de construír un lugar do común: é no tempo onde se xoga o tecido invisíbel do senso.

Todo o devandito, este sentido do visíbel no invisíbel é do que eu máis gosto na cultura e, de modo sobranceiro, nunha cultura que se tece no visíbel de maneira discontinua e que atravesa por situacións de morte, como atravesou a cultura galega. Unha cultura que para alén da gran produción, a Nación política, no concreto e no que a min me atinxe, se expresa en producións da industria cultural – o libro, o xornal, o filme-, en producións nas que un outro – o público, singular e plural – é constitutivo, en producións que non existen á marxe da súa posta en relación, do *Voir Ensemble*, unha frase realizativa da que non dou atinado coa tradución, pero que precisa do encontro para se producir, do que nós estamos a desenvolver neste intre preciso.

Do encontro físico e do encontro político que sinala o paso polo XIX cara o XX, así como o compromiso da *intelligentzia* coa sociedade civil, resta no XXI a posibilidade de certas alianzas, con normas non escritas, que nos identifican cun proxecto das que agroman vencellos que se rexen polo compromiso da igualdade do lugar e do que no lugar ten lugar, da igualdade entre países e entre as persoas que en acto poboan os países. E é no ronsel dese encontro onde acolle valor de seu *Voir Ensemble*, axuntarse para partillar o acto de ver e para tecer un lugar de relacións.

Nesta vontade de asumir nos nosos actos prácticos, na fala, aos outros, iso que tanto nos recomenda Alain Badiou no devandito *O Século*, vou referir o exemplo do construtor de barcas do porto de Ajaccio que un neno de 13 anos observaba ben de mañanciña. Un día, cóntanos o Desanti rapaz, vexo madeira polo chan; miro táboas, achas longas e fracas, tacos, ollo para as diferentes pezas esparexidas por aco e por aló. E miro diante, estantío, o construtor de lanchas. Pregúntolle se vai facer unha gamela con esa madeira. Tornase de súpeto e espeta: cal madeira? Para de seguido dicir: Ti ves táboas, eu vexo outra cousa. Vexo os mariñeiros que me fixeron a encarga desta barca. Son sete, sete remeiros e o home do leme, o patrón. E non son semellantes, hainos grosos e magros. Teño que saber cómo facer... e así continuou coa leria de que tamén miraba os castiñeiros, que tampouco son iguais nin é o mesmo a madeira que serve para a trabe dunha casa que a que vale para facer a lancha. E non falemos da sorte, rosmaba en corso, facendo os cornos cos dedos da man. Imaxina – insistía – que vergoña para min e para os meus se, unha noite de mar brava, estes mariñeiros

afogan porque eu non din sabido escoller, hai tempo, o bo castiñeiro nin acertei co xeito de dispor as pezas da madeira.

Pezas que arestora nós debemos saber discernir para a súa función nesta paisaxe que singularizamos nos rótulos Cultura, Comunicación e Internacionalización.

Referencias bibliográficas

- ANDERSON, B. (1983). *Imagined Communities*. London: Verso.
- BADIOU, A. (2005). *Le siècle*. Paris: du Seuil.
- HALL, S. (2014). *Foreword. CCCS 50 years on*. Birmingham: University of Birmingham.
- KUNSCH, M. & Melo, J. M. (Eds.) (2012). *Comunicação Ibero-americana: sistemas midiáticos, diversidade cultural, pesquisa e pós-graduação*. São Paulo: Confibercom & Escola de Comunicação e Artes da Universidade de São Paulo.
- LEDO Andión, M. (2012). Os paradoxos das políticas da diversidade. In F. S. García & V. A. Martínez (Coords.), *Economía de la cultura y las comunicación en la era digital* (pp. 449-467). Lisboa: MediaXXI.
- LÉVESQUE, C. (2007). *Qu'en est-il des intellectuels aujourd'hui?* Montréal: Hurtubise.
- MARTÍN Barbero, J. (2014). Diversidade em convergência. *MATRIZES*, 8(2), 15-33.
- MARTINS, M. L. (Ed.) (2015). *Lusofonia e Interculturalidade. Promessa e Travessia*. Famalicão: Húmus. Retrived from: <http://hdl.handle.net/1822/39693>.
- MARTINS, M. L., et alii (2014). *Interfaces da Lusofonia*. Atas da Conferência “Interfaces da Lusofonia” – 4-6 de julho de 2013. Braga: Universidade do Minho / Centro de Estudos de Comunicação e Sociedade (CECS). eBook. Retrived from: <http://hdl.handle.net/1822/29765>.
- MARTINS, M. L. & Oliveira, M. (2014). *Comunicação ibero-americana: os desafios da internacionalização*. Livro de atas do II Congresso Mundial de Comunicação ibero-americana. 13-16 de abril de 2014. Braga: Confibercom / Universidade do Minho / Centro de Estudos de Comunicação e Sociedade (CECS). eBook. Retrived from <http://hdl.handle.net/1822/33031>.
- MARTINS, M. L.; Sousa, H. & Cabecinhas, R. (Eds.) (2007). Lusocom: estudo das políticas de comunicação e discursos no espaço lusófono. In M. Ledo Andión (Ed.). *Comunicación Local no Espazo Lusófono* (pp. 301-310). Santiago de Compostela: Agacom. Retrived from <http://hdl.handle.net/1822/24127>.
- MATTELART, A. (2002). *Geopolítica de la cultura*. Cidade do México: ERA.
- MONDZAIN, M. J. (Coord.) (2002). *Voir Ensemble*. Paris: Gallimard.
- ROCHA-TRINDADE, M. B. (Jul./Set. 1984). O Diálogo Instituído. *Nova Renascença: revista trimestral de cultura*, IV, 229-245.

- SAMPEDRO, F. (2004). A cidadanía excluínte. *A Trabe de Ouro*, 58, 157-179.
- SCHLESINGER, P. (2000). The sociological scope on nacional cinema. In M. Hjort & S. MacKenzie (Eds.), *Cinema and Nation* (pp. 19-31). Nova Iorque: Routledge.

Outras obras consultadas

- FOUCAULT, M. (29 novembre – 5 décembre 1976). *La fonction politique de l'intellectuel. Politique-Hebdo*, pp. 31-33.
- FUENTES NAVARRO, R. (2007). *La comunicación desde una perspectiva sociocultural: acercamientos y provocaciones*. Guadalajara: ITESO.
- GRIMSON, A. (2011). *Los límites de la cultura*. Buenos Aires: Siglo XXI.
- LEDO Andi3n, M. (2009). *Do bucle e da Fenda. Para un ensaio cr3tico sobre a cutura galega*. A Coru3a: Real Academia Galega.

Referencias f3lmicas

- LEDO Andi3n (2003). *Santa Liberdade*.
- PETER Walkins (2000). *La Commune*.